



## CONCELLO DE CALVOS DE RANDIN

Praza A Laborada, s/n – 32644 CALVOS DE RANDÍN (Ourense)  
Tfno. 988 434000 Fax 988 434110 concello.calvosderandin@eidolocal.es  
NIF P-3201700-F

**D. DANIEL ALEXIO NANÍN PASCUAL, SECRETARIO INTERVENTOR DO CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN, OURENSE,**

No uso das atribucións conferidas polo artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

**CERTIFICADO:** Que na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Calvos de Randín, celebrado o día 26 de decembro de 2022, adoptouse, entre os outros, o seguinte acordo que literalmente di:

### **“III. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENOVACIÓN DO PACES**

*O Sr. Alcalde informa ao pleno de que a Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea.*

*O Pacto consistía no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible.*

*A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.*

*A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.*

*O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.*



## CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN

Praza A Laborada, s/n – 32644 CALVOS DE RANDÍN (Ourense)  
Tfno. 988 434000 Fax 988 434110 concello.calvosderandin@eidolocal.es  
NIF P-3201700-F

- *A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.*
- *Revisar periodicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.*

*No que se refire ás accións que se foron levando a cabo por parte do Concello de Calvos de Randín, dende a aprobación inicial do PACES, para cumprir os obxectivos estratéxicos descritos neste Plan, pódense mencionar as seguintes actuacións:*

- *Mellorar as captacións de auga de varios núcleos de poboación, como foron as de Feás, Rioseco, Pintás, Castelaus e Golpellás, para deste xeito mellorar a eficiencia de consumo e aforro de auga nesas poboacións, que estaban tendo problemas de eficiencia nos últimos anos.*
  - *Cambio de compañía suministradora de luz para o alumado público de todo o concello, contratando os prezos máis baixos do mercado e así poder rentabilizar o máximo os recursos, e facer un mellor uso da electricidade.*
  - *Elaboración e posta en marcha do Plan Municipal de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca, como ferramenta que complementa á planificación estatal e autonómica na materia, a unha escada de detalle máis centrada no territorio municipal, co obxectivo último de minimizar os efectos negativos que poidan producir os escenarios de seca.*
- Este plan municipal de emerxencia e xestión do risco de seca, debe, como mínimo cumprir o seguinte: Describir e caracterizar os sistemas de abastecemento existentes en termos de recursos, demandas e infraestruturas; definir os escenarios de alerta e emerxencia e os indicadores e umbrais que determinan o seu comezo e establecer as medidas a poñer en práctica en cada un dos escenarios definidos, e os seus responsables.*
- *Mellora da eficiencia enerxética no alumado público, implementando alumado LED's en case o 100 % do territorio deste municipio, substituíndo os puntos actuais de luz de tecnoloxías menos eficientes por iluminarias LED's.*

*Cabe mencionar ademais a instalación de sistemas de regulación e control do mesmo que permiten manter tempos de funcionamento e niveis de iluminación adecuados en todos os núcleos deste concello.*

- *Instalación de caldeiras de biomasa, en varios locais sociais, titularidade do concello, para deste xeito utilizar enerxías máis limpas.*
- *Formación aos empregados municipais para o uso intelixente da enerxía, para promover medidas de aforro enerxéticos e empregar de forma racional os sistemas as enerxías do municipio.*



## CONCELLO DE CALVOS DE RANDIN

Praza A Laborada, s/n – 32644 CALVOS DE RANDÍN (Ourense)  
Tfno. 988 434000 Fax 988 434110 concello.calvosderandin@eidolocal.es  
NIF P-3201700-F

*Quedando aprobado por unanimidade a renovación do Pacto dos Alcaldes (PACES) por outro período de dous anos, ata o 2024.”.*

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente, coa excepción prevista no artigo 206 do RD 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o R.O.F, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Calvos de Randín a 30 de decembro de 2022.

O Secretario,

Asdo.: Daniel Alexio Nanín Pascual.



Visto e Prace,

O Alcalde,

Asdo.: Aquilino Valencia Salgado.